

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE AGOSTO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes ós días 5 de xuño e 19 de agosto de 2009, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para parcelamento dun predio matriz en dúas parcelas, sito na rúa da Millara, número 16.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para construción de vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Castelo de Arriba, parroquia de Santiago de Castelo (parcela 2); para construción de vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Castelo de Arriba, parroquia de Santiago de Castelo (parcela 3); para construción de vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Castelo de Arriba, parroquia de Santiago de Castelo (parcela 4); para construción de vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Santalla, parroquia de Santalla de Cuiña; para construción de vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Outeiro, parroquia de San Salvador de Outeiro; para construción de vivenda unifamiliar, na rúa das Airas, número 17, parcela 9, quinteiro 8, do polígono 1, Sector Sur-B Louzaneta - Areeiras; para modificacións en distribución de locais de comunidade e

instalacións de planta baixa, con disposición dun único local sen uso definido e eliminación do entresollado no edificio coa licenza número 380/06, sito na rúa da Baixa; para legalización de acondicionamento e ampliación de locais sen uso definido en planta baixa e semisotos á rúa Castasol, planta baixa a rúa peonil (rúa Xosé Ferro), no edificio sito na rúa Catasol, número 13, esquina rúa Peña Anda e rúa Xosé Ferro e para legalización de aumento de superficie de garaxe en soto 1, por construción de lousa sobre rampla no edificio coas licenzas municipais, números 404/06 e 324/09, sito na rúa Illa Madeira - rúa Padre Gómez, na Unidade de Actuación Norte - 8.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do Estudo de Detalle formulado para reaxuste das aliñacións e rasantes da vía nº 2 do proxecto de modificación puntual do PXOU no Sector de SUNP “Norte-I” (Saamasas).

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo suscrito coa empresa, encargada do servizo de cociña na gardería municipal, por prazo dun ano, contado a partir do 1 de setembro de 2009.

Tamén se acorda a revisión de prezos do contrato administrativo, correspondente á xestión do servizo público municipal do centro de día Antonio Gandoy, (centro de día para persoas maiores, Abrite) para o período que vai dende o 1 de xuño de 2009 e o 31 de maio de 2010.

Así mesmo, acórdase a revisión de prezos para a actualización do contrato administrativo suscrito coa empresa, encargada do servizo de prestación das actividades de información turística deste concello polo prazo dun ano contado dende o 30 de xuño de 2009.

Do mesmo xeito, acórdase a prórroga do contrato administrativo suscrito coa empresa, encargada da prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas de “As Pedreiras”, polo prazo dun ano, contado a partir do 25 de agosto de 2009.

Acórdase aprobar a corrección de erro producido no acordo da Xunta de Goberno Local número 23/453, na sesión celebrada o día 17 de xuño de 2009, polo que se procedeu á adxudicación provisional da contratación da

subministración de material deportivo ós participantes na carreira “Corre con Nós”, mediante a entrega de vales.

Tamén se acorda a prorroga de contrato de construción de accesos ó novo Hospital de Lugo.

Acórdase a adxudicación provisional para a contratación do alugamento con opción de compra dos equipos de reprodución instalados no Concello de Lugo no ano 2005.

Acórdase a adxudicación provisional para a contratación das obras de pavimentación e servizos do espazo público entre o campo de fútbol do Pombal e a N-VI.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, do prego de condicións técnicas de iluminacións festivas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación da subministración e instalación de iluminación en diversas rúas da cidade durante o San Froilán 2009 e da apertura do procedemento de adxudicación.

Lugo, 26 de agosto de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García